# CORME, MAR E TERRA.

# O PAPEL DAS NOSAS MULLERES

*Un Fanzine sobre o noso entorno e as mulleres da nosa terra*

# OLA!

Corme Aldea e Corme Porto son dúas parroquias que pertencen ao Concello de Ponteceso. Temos unha superficie de, aproximadamente, 12 km$^2$. Entre os seus núcleos de poboación están o Porto, a Aldea, a Costa, a Escobia, Froxán, Gondomil, Guxín e Roncudo. En total somos arredor de 1.077 habitantes, das cales, 509 son mulleres e, entre outras cousas, vivimos do mar e da terra. No noso mar podemos atopar todo tipo de mariscos, e... Ata hai cabaliños de mar! O máis coñecido é o percebe, ese crustáceo medra nas rochas batidas e é moi perigoso recollelo. Aínda así, case a maioría de nós ten algunha persoa da familia percebeira ou percebeiro.

A nosa intención é poñer en valor a nosa identidade, resaltando a das nosas mulleres.
Por que? Pois moi sinxelo... Cremos que as súas labores merecen un recoñecemento especial xa que a maioría se ocupa dos nosos coidados, dos coidados dos e das máis maiores e, ademais, moitas tamén traballan fóra da casa. Dende tempos moi pasados, as mulleres teñen unha importante labor na agricultura, nas casas, nos coidados e pouco tempo para elas. Por isto e por ser tan fortes e valentes, neste fanzine, dedicámoslles un par de páxinas.

Esta revista está feita por nós, as nenas e nenos do CEIP As Forcadas de Corme. Os nosos debuxos son unha mostra da nosa visión da nosa terra e da xente. Esperamos que vos guste!

Pablo, Marcela, Nira, Claudia, Breogán, Celtia, Antía, Daniel, Diana, Alba S., Sabela, Indira, Ayla, Iker, Érika, Sheila, Ismael, Alba T., Blanca, Xabi, Mateo, Leonel, Nadia, Isaac, Luana, Asier, María, Uxía, Xián, Lara, Gema, Brais, Icía, Lidia, Mario, Paula Santos, Paula Suárez, Érika e Fiz.

# INDICE

1 CORME, UN MAPA DA NOSA PARROQUIA. 1° E 2°

2 MAR E TERRA. OS NOSOS PRODUTOS 3° E 4°

3 O PAPEL DAS NOSAS MULLERES, 5° E 6°

# CORME

Corme Porto e Corme Aldea son dúas parroquias de Ponteceso, que se atopa na comarca de Bergantiños. Son coñecidas pola súa actividade mariñeira, polas súas fermosas praias, polo faro do Roncudo e polo bo tempo que fai en verán.

De aquí son persoeiros coñecidos como Francisco Mourelle da Rúa, José María Mosqueira Manso, Manuel Pailos, etc. E aínda que non foi doado atopar a información, tamén estaba "Susa da Chasca", a parteira máis famosa do pobo, tamén coñecida como "Mamá Susa".

En Corme tamén vivimos todas e todos nós, así que decidimos facer un mapa colocando os nosos fogares.


ALDEA
auga
CLAUDIA
PRAIA


BONITO
PRECIOSA
OLAS GRANDES

# MAR E TERRA

Cada unha e cada un de nós escolleu un produto que consideramos propio ou típico da zona, xa que a parte do mar está a agricultura e moitas e moitos de nós temos horta na casa ou na casa de avós ou avoas. A maioría non faltan nas nosas casas, especialmente se hai algo que celebrar ou algunha xuntanza familiar.

En Corme, como case en toda Galicia, é moi típico facer longas sobremesas, falar e rir despois de xantar ata que sexa a hora da merenda despois a cea, especialmente nas festas. De festas sabemos bastante porque ademáis da Festa do Percebe temos a festa da Virxe do Carme, a patroa das xentes do mar, as festas de San Roque, onde se celebra o entroido de verán e, en setembro, a festa a Virxe dos Remedios, que é cando celebramos o fin de ano, xa que ben sabemos que normalmente é o 31 de decembro pero... aquí somos así!



A maceira é unha árbore que da mazas as mazas son froitas.



O cabalo de mar nace da barriga do pai. E comen pequenos crustaceos e larvas. E un animal colorido.



PATACA
A pataca é unha verdura tubércalo. Pódese comer frita cocida ou asada.



VIVE NO MAR TEN 8 PATAS E É DE COLOR ROJO CHAMASE CENICLA



A nécora é un animal de tres patas, que cando esta vivo e de cor oscura.



A coliflor é unha verdura con parte branca e parte verde, nace entre xaneiro e febreiro.



A lura melta tinta. Pescase e non ten ninguha espi-ña, e comese fri-t cocida ou en salsa


O coelliño é o animal mais bonito e mais saltarín de todo o campo é super enerxético e a súa comida favorita é a cenoria.


PEREIRA
É unha froita que se come moito.
A pera cómese sobretodo no veran.




Percebes do Roncudo
O percebe é un animal que vive na costa, aquí en Corme celebramos a Festa do Percebe e comemos percebes


É una flor de colors rolas blancas rojas azules. Ten espiñas.


O pulpo é un animal de mar e suelta tinta e con sua tinta pode matar as Persoas

# O PAPEL DAS NOSAS MULLERES

Na península de Corme viven 509 mulleres. Segundo os últimos datos de 2018, 20 menos que no 2017. Queremos dende aquí, homenaxealas polo bravas que son. Así que decidimos que cada unha e cada un de nós escollería unha muller da nosa vida, das moitas mulleres que admiramos e recoñecerlles a súa labor, tanto dentro como fora da familia.

Gracias a todas vós!



Lola García

É miña avoa, naceu en Barranco. Ela bivo unha infancia moi dura porque tiña que facer case todo o traballo da casa co seu pai e súa nai: moxir as vacas, traballar na horta




Celia é a miña nai. Ela levántase cedo para mandarnos á escola. Ela despois vai traballar ao supermercado. Cando chega de traballar segue traballando na casa. Ela para min é unha superheroína !!!

Rosa María




Rosa María que é a miña avoa ten que ir traballar todos os días de martes a sabado. E esta moi cansada.

E A MELLOR!!!



Loli. Miña nai Loli é percebeira e ama de casa, é moi boa e axuda a meu pai no percebe. Ten 46 anos e cando era máis nova traballou nun taller de costura coas nais duns compañeiros de clase.



Ramona: Traballaba levando as vacas ao monte a pastar. A veces ia á escola e tiña unha profesora que lle gustaba. Vivía coa súa nai pero despois tivo que ir á Costa coa súa avoa. Ademais eran sete irmáns pero morreron lle dous irmáns. Ramona vai cumprir 102 anos.



Raquel: Miña nai Raquel ten 50 anos e traballa en moitas cousas: é costureira, cociña na casa, limpa a casa, coida de un señor durante a mañá, tarde e noite e coida de min. Quedou viuda con 41 anos cando eu tiña 2 anos.



Elvira: Miña bisavoa Elvira era ama de casa. Ela soa tivo que coidar aos seus dous fillos; e ademais plantaba na horta da casa.

Elvira


Miña avoa Rosalía coidou ela soa moitos anos a seis fillos e fillas. Ademais na súa casa tiña un supermercado.


Mari: Miña tía avoa Mari é percebeira, pero, ademais, coida de meu bisavó. Antes daballe clases a moitos nenos de Corme; aínda que agora non, sígueme axudando a min cos estudos. Tamén, aos inmigrantes indonesios que veñen traballar aquí axúdalles a ler as cousas que non entenden, lévaos ao médico, invítaos a comer, levaos A Coruña…


Vendo percebes e queixos
Josefa
E a miña avoa. Ten 79 anos, era percebeira e facía queixos e ía vendelos. Ten dúas fillas Francisca (que é miña nai) é Josefa (que é miña tía). Leva casada moitisimos anos co meu avó. É unha muller moi traballadora, forte e valente


Eva
A miña nai traballa de auxiliar, correndo polo hospital e chega a casa máis cansada que si estivera nun triatlón. No seu tempo libre participa na directiva participando ANPA.


Isabel*
Isabel: é ama de casa: limpa, frega, fai de comer, coidame... e tamen palilla (sin elas non somos ninguen)


VANESA
Vanesa: a miña nai Vanesa é ama de casa e axúdalle a meu pai a escoller os percebes, que se levanta todos os días pola mañá cedo para ir buscalos. Tamén nos coida a min e á miña irmá pequena, Diana, limpa, fai a comida...


LINDA
Linda era unha mariñeira que ia polo mundo nun barco. Tiña dous fillos, unha nena e un neno aos que tiña que coidar mentras traballaba. Nesa época era moi difícil.